



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

DELEGACIÓN PROVINCIAL

Ronda Muralla, 70 - 27071 - LUGO

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente n°: 16/98.

ID: 416

R E S O L U C I Ó N

PRESIDENTE EN FUNCIONS:

Don Emilio Sánchez Coto.

VOCALS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Manuel Veiga Franco.

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a catorce de decembro de mil novecentos noventa e nove, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 16/98 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte "FORO DE SANTO TOMÉ", no concello de CERVANTES, iniciado por acordo do Xurado coa data do 26 de maio de 1998, sendo vocal instructor do mesmo DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 15 de xuño de 1998), iniciouse o expediente número 16/98 (por instancia do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 20 de agosto de 1998, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

TERCEIRO: Coa data do 26 de agosto de 1998, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte " FORO DE SANTO TOMÉ ", non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

CUARTO: Coa data do 31 de agosto de 1998 (registro de saída número 80.261, do día 4 de setembro do mesmo ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de BECERREÁ os documentos seguintes: 1º) certificación dos asentos que poidan afectar ós terreos en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estean inscritos, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e 2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Coa data do 11 de decembro de 1998, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de BECERREÁ, na que se fai constar que o predio denominado " FORO DE SANTO TOMÉ " non figura inscrito nese Rexistro, tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de LUGO, e que non existe presentado e pendente de despacho ningún documento referente ó predio que se certifica.

SEXTO: Coa data do 19 de febreiro de 1999 (registro de saída número 20.930, do mesmo día, mes e ano), remitiuse EDICTO para a súa publicación no D.O.G., poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

SÉTIMO: Coa data do 19 de febreiro de 1999 (registros de saída números 20.936 e 20.939, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó concello de CERVANTES a iniciación do expediente e remitíronselle EDICTOS para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costumé e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertencen os citados montes.

OITAVO: Coa data do 19 de febreiro de 1999 (registro de saída número 20.968, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó Servizo



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

DELEGACIÓN PROVINCIAL

Ronda Muralla, 70 - 27071 - LUGO

de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

NOVENO: Coa data do 19 de febreiro de 1999 (registro de saída número 20.984, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de BECERREÁ, a iniciación do expediente e solicitouse ANOTACIÓN PREVENTIVA.

DÉCIMO: Coa data do 19 de febreiro de 1999 (registro de saída número 21.046, do mesmo día mes e ano), comunicóuselle a iniciación do expediente a DON DOSITEO GÓMEZ TELLADO (asinante dos escritos de alegacións feitos por varios veciños do lugar de Santo Tomé opoñéndose á clasificación do monte). << Expedientes 1/83 e 16/92, iniciados o 21 de febreiro de 1983 e 24 de febreiro de 1992, respectivamente, que non se chegaron a rematar >>.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 19 de febreiro de 1999 (registro de saída número 21.049, do mesmo día mes e ano), comunicóuselle a iniciación do expediente a DON MANUEL PÉREZ DEIROS (asinante do escrito de alegacións feito por varios veciños do lugar de Santo Tomé opoñéndose á clasificación do monte). << Expediente 16/92, iniciado o 24 de febreiro de 1992, que non se chegou a rematar >>.

DECIMO SEGUNDO: Coa data do 15 de marzo de 1999 (registro de entrada número 99/44.422), recibíuse escrito asinado por varios veciños do lugar de SANTO TOMÉ, concello de CERVANTES, no que manifestan a súa oposición á clasificación do monte como veciñal en man común. Alegan que o monte pertenceu desde tempo inmemorial ás persoas que o viñan traballando (ancestros dos asinantes), que se aproveitaron sempre individualmente e que existe abundante documentación pola que se pode apreciar a titularidade privada das diferentes parcelas do monte. Aportan a citada documentación presentada no seu día (expedientes 1/83 e 16/92, ós que se fai referencia nos antecedentes de feito DÉCIMO e DÉCIMO PRIMEIRO).

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 15 de marzo de 1999, aparece publicado o EDICTO no D.O.G. número 51, páxinas 2.980, 2.981 e 2.982, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte " FORO DE SANTO TOMÉ ".

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 31 de maio de 1999 (rexistro de entrada número 99/98.135), recibíuse certificación do concello de CERVANTES, na que se fai constar que o EDICTO estivo exposto ó público polo prazo dun mes (desde o 25 de febreiro ó 25 de marzo de 1999 -ámbolos dous incluídos-).

DÉCIMO QUINTO: Como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento de clasificación, resultaron elixidos:

DON MANUEL PÉREZ DEIROS.

DON AMADEO DÍAZ NÚÑEZ.

DÉCIMO SEXTO: Coa data do 18 de outubro de 1999 (rexistros de saída números 138.221, 138.224, 138.230, 138.232 e 138.234, do día 20 do mesmo mes e ano), remitíronse escritos relativos ó trámite de audiencia a DONA OBDELIA DEIROS, DON MANUEL PÉREZ DEIROS, DON ERNESTO SANTÍN VÁZQUEZ, DON DOSITEO GÓMEZ TELLADO e DON AMADEO DÍAZ NÚÑEZ, todos eles interesados no expediente.

DÉCIMO SÉTIMO: Coa data do 29 de outubro de 1999, comparece no expediente dentro do prazo concedido para o trámite de audiencia, DON MANUEL PÉREZ DEIROS, ratificándose no seu escrito de alegacións feito coa data do 19 de febreiro de 1999 (ver antecedente de feito DÉCIMO PRIMEIRO) e opoñéndose á posible clasificación como veciñal en man común do monte " FORO DE SANTO TOMÉ ". Aporta fotocopia simple dun documento e tradución do mesmo.

DÉCIMO OITAVO: Coa data do 29 de outubro de 1999, comparece no expediente dentro do prazo concedido para o trámite de audiencia, DONA OBDELIA DEIROS SANTÍN, manifestando a súa oposición á posible clasificación como veciñal en man común do monte "FORO DE SANTO TOMÉ".

DÉCIMO NOVENO: Coa data do 3 de novembro de 1999, comparece no expediente dentro do prazo concedido para o trámite de audiencia DON AMADEO DÍAZ NÚÑEZ, que se ratifica nas súas declaracións anteriores (ver antecedentes de feito DÉCIMO e DÉCIMO SEGUNDO) e mantén que o monte " FORO DE SANTO TOMÉ " é de propiedade privada, non existindo no mesmo ningunha zona veciñal en man común.

VIXÉSIMO : Coa data do 5 de novembro de 1999, comparece no expediente dentro do prazo concedido para o trámite de audiencia DON DOSITEO GÓMEZ TELLADO, manifestando que o monte "FORO DE SANTO TOMÉ" non reúne as condicións para que sexa clasificado como veciñal en man común, por estar dividido en senaras entre os veciños. Aporta fotocopias simples de varios documentos.

VIXÉSIMO PRIMEIRO: Coa data do 16 de novembro de 1999, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de BECERREÁ, na que se fai constar a anotación preventiva feita polo mesmo (Letra A, predio 6.963, folio 192, tomo 431, libro 87 de BECERREÁ).

VIXÉSIMO SEGUNDO: No expediente de investigación previa (carpeta-ficha), figura a declaración feita por unha representación veciñal coa data do 18 de marzo de 1970, na que manifestaron que o monte procede dun foro do Igrexario de Santo Tomé de Cancelada que se chama Foro de Santo Tomé, e que chegaron a redimilo os veciños en partes desiguais segundo a renta que cada un pagaba no foro. Daquelas primeiras escrituras de redención deriváronse outras por herdanzas e compravendas que están inscritas no Rexistro da Propiedade de Becerreá (unha delas: tomo 313 do arquivo, libro 69 de Cervantes, folio 199 vº, inscricións 1ª e 2ª, predio 4266, coa data do 14 de marzo de 1934). O monte aproveitábase por searas cada un no seu, con aproveitamento mancomunado de pastos. A repoboación forestal colleu parte do monte sobre terreo de todos, en partes desiguais, coa repoboación chamada 22. Ós beneficios sobre a repoboación considéranse con dereitos proporcinados ó que teña acreditado documentalmente cada veciño.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Excluindo aproximadamente 40 hectáreas repoboadas polo Patrimonio Forestal do Estado co nome de " MONTE REDONDO ", que cumpren os requisitos do artigo 1 da citada Lei e polo tanto revisten

o carácter de veciñais en man común, o resto do monte " FORO DE SANTO TOMÉ " está repartido entre os veciños que levan a cabo nel aproveitamentos individualizados e non reviste o carácter de veciñal en man común, segundo o mesmo artigo e a mesma Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: " FORO DE SANTO TOMÉ ".
Pertenza: veciños do lugar de Santo Tomé de Cancelada.
Parroquia: Cancelada.
Superficie: 40 hectáreas.
Concello: Cervantes.

Estremas:

Norte: termo municipal das Nogais e predios particulares. Leste: predios particulares. Sur: monte de Queirogal. Oeste: termo municipal das Nogais.



[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

MONTE : "MONTE REDONDO"

TÉRMINO MUNICIPAL : Cervantes

